



NOVEMBRO MES DA CIENCIA EN GALEGO

Novembro Mes da Ciencia en Galego
Biblioteca e EDLG







Novembro, Mes da Ciencia en Galego

E a realidade é que, neste mundo que nos tocou vivir, resulta imposible entender o grao de coñecemento que os humanos temos da vida se non é á luz do coñecemento científico que fomos acumulando.

Luís Navarro, “Manifesto” para *Novembro, Mes da Ciencia en Galego nas Bibliotecas*.

Suxestións



Suxestións

As aves






Novembro, Mes da Ciencia en Galego


Persoalmente defendo sen concesións a idea de que unha sociedade ben informada e ben educada é máis difícil de ser manipulada. Iso é o que nos fai libres como individuos e como sociedade. Liberdade, un sentimento que os humanos anhelamos desde o inicio da nosa estirpe, pero que moitas veces non sabemos como conseguir. E a cultura é un dos camiños que nos leva a un mundo onde a liberdade individual sexa respectada.

Luís Navarro, “Manifesto” para *Novembro, Mes da Ciencia en Galego nas Bibliotecas*.

Guías



Guías





Novembro, Mes da Ciencia en Galego


Para ser libre mediante a cultura, igual ca para facer boa ciencia, hai que ler. A era dixital instalouse nas nosas vidas con gran naturalidade para facilitarnos moito as cousas. Pero para min, que veño dun mundo anterior, tamén trouxo un pouco de confusión. Hoxe en día é moi fácil atopar millóns de bytes de información, pero... só unha porcentaxe moi reducida deles foi sometida a unha revisión rigorosa por parte dalgún experto. Sen lle quitar mérito ningún á gran vantaxe que esta revolución intelectual está a supoñer para o avance da cultura na sociedade, persoalmente ségueme gustando informarme en medios que foron sometidos a algún proceso de revisión antes de que cheguen ás miñas mans. Neste sentido, a información que me gusta engulir está nas bibliotecas, eses olimpos de paz nos que aínda un pode concentrarse facilmente na lectura.

Luís Navarro, "Manifesto" para *Novembro, Mes da Ciencia en Galego nas Bibliotecas*.

Suxestións ESO



Dicionarios





Novembro, Mes da Ciencia en Galego

- [Novembro, Mes da Ciencia en Galego](#) nas Bibliotecas (Asesoría de Bibliotecas Escolares de Galicia).
- [Ciencia en galego](#) no *Portal da Lingua*.



Novembro, Mes da Ciencia en Galego

Persoalmente débolles moito a eses libros e bibliotecas que me acompañan nesta viaxe que é a vida na que vou trasladando historias que me gustan en soños que cumprir, e algúns deles en realidades que me enchen plenamente.

Por iso, só podo recomendarvos que aproveitedes estas institucións do coñecemento que, afortunadamente, temos á nosa disposición para ir creando a vosa propia historia vital. E se o facedes utilizando libros e traballos científicos, tede a seguridade de que os cimentos da vosa construción serán máis sólidos.

Luís Navarro, “Manifesto” para *Novembro, Mes da Ciencia en Galego nas Bibliotecas*.

Feliz novembro

